



## \*NARLA (SAN PEDRO)



Parroquia de 18,7 km<sup>2</sup> de extensión situada ao nordeste do concello que conta con 209 habitantes repartidos en 15 entidades de poboación: Cabeza de Vaca, O Chao, Cima de Vila, Eirexe, A Espiñeira, Golmar, Lagoa, Montecelos, Pacios, A Pontella, A Porreira, A Portela, Seidoiro, Todón e O Vilar. A súa densidade de poboación e de 11,18 hab/ km<sup>2</sup>.



**FRIOL**  
**PQ. NARLA**

O nome de **Narla** nace do hidrónimo, un referente que xa se atopa mencionado por primeira vez como *Comitatus Nallarensis* no *Parrochiale Suevum*, un documento datado do s. VI no que se recolle a organización administrativa e eclesiástica do territorio por parte dos suevos. En torno ao s. X xa aparece nos Tumbos de Sobrado con variables denominacións: *in territorio Nallari*, *in valle Nalare*, *in territorio Nalare*, *in Nallare*, etc. No s. XIV hai un cambio significativo que é o que posibilita a evolución da palabra tal e como a coñecemos na actualidade, xa que aparece citado como *Nárrela*, e polo tanto converte a segunda vogal en átona, o que facilita a súa desaparición.

Dentro das súas 15 entidades de poboación atopamos nomes singulares como **Cabeza de Vaca**, do latín *capitia* (derivado de *caput*) máis *vacca*, do cal se poden facer moitas interpretacións (como indica Nicandro Ares: «se cadra, sería un alcume persoal do fundador desta aldea, coma Alvar Núñez Cabeza de Vaca, gobernador do Paraguay no s. XVI?») pero non se sabe con seguridade se algunha é acertada.

O **Chao** sairía do latín *planus*, que designa un terreo chán.

**Cima de Vila**, pola súa parte, indicaría un elemento topográfico, un alto (do lat. *cyma*) dunha vila (lat. *villa*).

A **Erexe** procede do xenitivo greco-latino *ecclesiae*, e refírese á igrexa románica situada nesta aldea.

A **Espiñeira** sería un lugar no que abundarían os espiños, do latín *spinus* (aínda na actualidade permanecen na súa paisaxe). En canto a **Golmar** e **Todón**, ambos xorden de nomes persoais góticos, *Golmarus* ou *Gualamarius* (segundo N. Ares) e *Teodone*. respectivamente.

A **Lagoa** é o resultado da evolución da palabra latina *lacuna* e **Montecelos** provén do diminutivo de monte no latín vulgar, *monticellus*.

Outro dos lugares desta parroquia é o de **Pacios**, plural da palabra coloquial *pacio* (pazo) que adquire o significado decasa señorial de pedra reservada, na antigüidade, á residencia habitual ou temporal dos nobres, que estaba situada no medio rural e tiña nas paredes os escudos heráldicos da familia.

A **Pontella** e A **Portela** son diminutivos das voces latinas *pons* (*ponticula*) e *porta*.

A **Porreira** designaría un espazo no que habería exceso da planta do porro (do lat. *porrus*).

Sobre o topónimo de **Seidoiro** hai varias hipóteses: Nicandro Ares propón que o termo podería ser unha variante de *saidoiro* e polo tanto viría do verbo latino *salire*. Partindo do autor Alonso Estravís, pódese asimilar o termo a *saidoiro* ou *saidouro* («lugar na marxe do río que ofrece boa saída a quen o atravesa»). Outra opción é que proveña do nome persoal *Salitorius* («salgador»).

Por último, **O Vilar** derivaría do termo latino *villaris* que significa «casarío no campo con edificios e eidos anexos», como indica N. Ares.

\*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis